

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de maio de 2021, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446) (emenda de documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores presentados. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de maio de 2021, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE)
2. GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.
3. HIRPANEL DEL NORTE, S.L.
4. OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.
5. PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U.
6. SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo os seguintes:

1. JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE) (presenta un modelo de proposición económica cun prezo distinto ao xa ofertado)
2. OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L. (presenta Anexo II ao PCAP debidamente cumprimentado)
3. HIRPANEL DEL NORTE, S.L. (presenta Anexo II ao PCAP debidamente cumprimentado)
4. PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. (presenta Anexo II ao PCAP debidamente cumprimentado)

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.
 - HIRPANEL DEL NORTE, S.L.
 - PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U.
- b) Non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:
 - JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE) (por non emendar correctamente a documentación persoal ao non presentar o anexo II ao PCAP requirido e por ter presentado unha nova proposición económica non estando permitido que cada licitador poida presentar máis dunha proposición. Así o establecen tanto o artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de



Contratos do Sector Público como a cláusula 13.6 do PCAP. A infracción desta norma dá lugar á non admisión de todas as propostas subscritas polo licitador)

- GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (por non presentar a documentación requirida dentro do prazo concedido)
- SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS (por non presentar a documentación requirida dentro do prazo concedido)

c) Solicitar informe ao servizo xestor en relación coas proposicións avaliáveis mediante fórmula dos licitadores admitidos, abertas na sesión do 25 de maio de 2021.

Entrégase na sesión o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de Análise e Avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe do Servizo de data 31 de maio de 2021 sobre as ofertas incursoas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. por canto a súa oferta está incursoa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 3 iniciar o procedemento do artigo 149 da LCSP con un dos licitadores.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

